

Peter Punk Peor imposible

Dirigido por Walter Velázquez e Natalia Pajardo



Chungoquetocargas.com



+info: www.culturactiva.org 981 582 836 info@culturactiva.org



PETER PUNK //PEOR IMPOSIBLE

ESPECTÁCULO GAÑADOR DO CERTAMEN INTERGALÁCTICO DO FESTICLOWN RIVAS 2014



PETER PUNK

//A COMPAÑÍA

Peter Punk é, posiblemente, o mellor pallaso galego do momento. Gañador dos **Certamens Intergalácticos dos festivais Mundoclown Vigo 2008** e **Festiclown Rivas Vaciamadrid 2013 e 2014** cos seus espectáculos *Peter Punk*, *Chungatrona* e *Peor Imposible*, levou e leva o seu humor por Brasil, Arxentina, Palestina, Italia, Portugal e multitude de festivales estatais e galegos.

Con mais de 900 funcións realizadas ao longo da súa carreira, Peter Punk é un dos clowns de referencia, cun humor gamberro e fresco sen comparanza. A día de hoxe conta con catro grandes espectáculos en distribución: o recentemente estreado *Peor Imposible* (xuño de 2014), o xa clásico *Peter Punk*, coa súa popular frase *Chungo, Chungo Ke Te Cagas*, que levou á compañía ao seu nivel de recoñecemento actual. E dúas apostas que confirman a puxanza deste artista galego: *Peter Punk II "A Chungatrona"*, un individual co final mais increíble do momento, e *Peter Punk e o Neno Imperdible*, un espectáculo con dous actores e músicos dirixidos polo mestre arxentino Walter Velázquez, con música ao vivo, coreografías, cancións propias, unha orixinal escenografía e, de novo, a Chungatrona cun diferente e anovador número final.

Catro produccions cómicas. Un repertorio realmente variado, versátil e de calidade. Os espectáculos de Peter Punk son únicos, exclusivos, co humor como vehículo fundamental, e que mistura a frescura do pallaso coa madurez e bo facer dun artista con preto de dez anos de carreira profesional.



PETER PUNK

//O ESPECTÁCULO

Punk estrea novo espectáculo, Peor imposible. A madurez dun pallaso irreverente, gamberro, inconformista e politicamente comprometido.

Isaac Rodríguez métese de novo na pel de Peter Punk, que para moitos é o mellor pallaso galego do momento, para enfrontarse á realidade a golpe de humor e un chisco de mala baba. Estrea Peor imposible, o seu cuarto espectáculo, co que consolida a súa colaboración con Walter Velázquez, prestixioso dramaturgo arxentino que actualmente dirixe a nova montaxe do Teatro Nacional Cervantes de Buenos Aires.

O pallaso galego e o director arxentino teceron fermosas imaxes e complexos equilibrios cos comentarios ácidos característicos da personaxe ata construír un espectáculo irreverente e comprometido. Humor retranqueiro, números participativos, equilibrios con nove paraugas, un impactante *circuíto da morte* e un evocador final cun arriscado equilibrio son algúns dos fíos dos que está feito *Peor Imposible*, unha proposta clown nacida en Galicia e punteira a nivel internacional que pronto chegará a todas as prazas e teatros do país.

Cunha década de traxectoria profesional e máis de 900 funcións ás súas costas, Peter Punk é cultura popular pura e dura. Popular e comprometida, coa creación e coa sociedade. Querido polo público de Galicia, España, Brasil, Arxentina, Palestina, Italia e Portugal, este pallaso gamberro que se resiste a medrar foi tamén recoñecido en varios certames internacionais, entre os que destacan o **Mundoclown Vigo 2008** e **Festiclown Rivas Vaciamadrid 2013** e 2014.

Peor imposible é un espectáculo que dá conta da madurez creativa acadada por un artista singular, que bota man dun humor desvergonzado e fresco para enfrontarse á cara máis amarga da realidade.

//FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Isaac Rodríguez Miranda "Peter Punk"

Dirección: Walter Velázquez e Natalia "Pajarito"

Guión e idea orixinal: Walter Velázquez, Natalia "Pajarito" e Isaac Rodríguez Miranda

Deseño de escenografía: Walter Velázquez e Natalia "Pajarito"

Escenografía: Fermín Rodríguez Cabaleiro, Eva Triñanes, Marta Ortiz e Isaac Rodríguez Miranda

Arranxos de vestiario: María José Miranda Cadórniga

Son e arranxos musicais: Brais Gutiérrez

Deseño gráfico e vídeo: Fernando Lema

Produción executiva: Isaac Rodríguez Miranda e Walter Velázquez

Produción: Culturactiva S.C.G. e Isaac Rodríguez Miranda

Idades: de 0 anos a cadea perpetúa.

Duración: 55 minutos.



PETER PUNK // GALERÍA DE FOTOS



PETER PUNK //CURRÍCULO DESTACADO

- Gañador do Certame Intergaláctico do Mundoclown Vigo 2008.
- Gañador do Certamen Intergaláctico do Festiclown Rivas 2013
- Gañador do Certamen Intergaláctico do Festiclown Rivas 2014

Peter Punk ten participado nos máis sobranceiros festivais de clown e teatro de rúa nacionais, estatais e internacionais, entre os que cabe destacar os seguintes:

- MUECA 2012 (Puerto de La Cruz – Tenerife)
- Anjos do Picadeiro 2011 (Río de Janeiro – Brasil)
- Festiclown Palestina 2011 (Palestina)
- MITEU 2012 (Ourense)
- Festiclown 2011 (Vigo)
- Umore Azoka de Leioa (Vizcaya)
- Festiclown Compostela 2008
- Festiclown Pontevedra 2003
- Festival Circe (Santa Coloma)
- FITEC (Getafe)
- Festival Magiclown de Sant Josep (Ibiza)
- Fira Magica de Santa Susanna (Barcelona)
- Festival Arde Lucus (Lugo)
- Festival Internacional de Calle de Gomecello (Salamanca)
- Festival É – aquí – In - Ócio de Póvoa de Varzim (Portugal)
- Somriure per Chiapas de Pineda de Mar (Barcelona)
- Mostra de Teatro de Cee (A Coruña)

//ACCIÓN SOLIDARIA

Peter Punk é membro destacado do colectivo galego de cooperación internacional Pallasos en Rebeldía e, paralelamente á súa carreira profesional, leva anos realizando actividades solidarias dentro desta organización: representacións, participacións en galas artísticas, vídeo – fóruns, charlas, ... Destaca a súa participación no primeiro festival de circo no mundo árabe (Festiclown Palestina 2011), que tivo lugar en territorios ocupados de Palestina. Un fito dentro dos festivais de teatro e circo e, concretamente, dentro das labores de cooperación internacional.

Ademais, Peter Punk forma parte do elenco do documental *Mashi, Trasi que Trasi* de Pallasos en Rebeldía, galardonado co Premio do Público do Festival de cine árabe AMAL, e realizou diversas caravanas de formación e animación de rúa en Palestina, Chiapas (México) e Sahara.



PETER PUNK //OUTROS ESPECTÁCULOS

CHUNGO KE TE CAGAS

Peter Punk é xa unha personaxe e un espectáculo de referencia en calquera programación de Galicia.

Con máis de 900 funcións en todo o Estado e en toda clase de programacións, Peter Punk é un dos clowns galegos de referencia, cun humor gamberro e fresco sen igual.

Neste espectáculo de carácter cómico o noso artista transfórmase en Peter Punk, un personaxe imaxinario chegado do país de Nunca Máis. Como un neno que se nega a medrar, Peter Punk xoga en escena co público, coa palabra e, por suposto, con todos os aparellos que vai sacando da súa maleta. Un espectáculo sen tregua, cheo de humor e malabares, no cal a comicidade se mestura coa habilidade na procura da gargallada do público.

PETER PUNK II - A CHUNGATRONA

Espectáculo gañador do Certamen Intergaláctico do Festival clown Rivas Vaciamadrid 2013.

Logo do increíble éxito de Peter Punk co seu primeiro espectáculo chega a súa continuación. O artista volve cun espectáculo aínda mellor, con novas rutinas, novos xogos e preparado para facer rir a todos os públicos de Galicia e máis aló.

O irreverente PeterPunk retorna dende o país de *Nunca Máis* cun espectáculo máis “chungo, chungo ke te cagas”.

“Chungo, chungo ke te cagas” é a frase máxica deste artista, coa que lle anunciará ao público as máis complicadas rutinas, nunha persoal versión do “máis difícil aínda” dos directores de circo clásico. Durante 60 trepidantes minutos, Isaac Rodríguez, ou Peter Punk (que tanto nos ten), amosaranos a súa destreza con bólas, mazas, aros... fará increíbles figuras de globoflexia nun tempo récord, dará boa conta da súa habilidade sobre o monociclo e, como peche, porá en perigo a súa vida (e a de boa parte do respectable) nun final con fachos de lume. E todo isto sen esquecer o humor... Un espectáculo multidisciplinar e cheo de alicientes para facernos pasar un bo momento.

Peter Punk preséntase nesta ocasión no seu novo e gran pequeno vehículo. Participando activamente co seu público -que fará parte imprescindible deste novo espectáculo- pedaleando coma un tolo, comendo globos e xogando coma un neno que se nega a crecer, PeterPunk presenta un final sorprendente no que coñeceremos o seu último xoguete: a Chungatrona! Unha máquina de “tortura pallasa” que fará as delicias de nenas e nenos de 0 anos a cadea perpetua.

Serás ti o próximo en probar a Chungatrona!?!?





PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz?

¿Que pasa cando un pallaso se fai preguntas e se responde a si mesmo no medio das súas rutinas?

¿Que lle ocorre a un pallaso cando se decata de que está neste mundo para algo máis que se erguer todos os días ?

Asústase..., e volve ser un pallaso.

Un tendedeiro en equilibrio, seis instrumentos interpretados ao vivo: guitarra eléctrica, guitarra portuguesa, acordeón, entre outros, e ata Peter punk se atreve coa armónica!! Un salto ao baleiro en miniciclo e a Chungatrona: unha máquina de rebeldía pallasa.

Eses son só algúns dos elementos desta novidosa proposta teatral dirixida polo recoñecido director arxentino Walter Velázquez e no que participan Peter Punk e Brais das Hortas. Esta é unha obra que destaca polo seu coidado guión, a elaboración e enxeño das rutinas e a súa novidade é un grande traballo de dirección, así como una orixinal escenografía. Un espectáculo que, a pesar da altura do listón, supera as anteriores propostas escénicas de Peter Punk: artista novo, máis con ampla e recoñecida traxectoria dentro e fóra do país.

Un músico e un artista de circo. Dous pallasos en constante reconciliación consigo mesmos, entre eles e co mundo enteiro. Un delirio nun monociclo pinchado. Diversión, música ao vivo, momentos de tensión e perigo. A importancia da dimensión humana e solidaria do clown de calidade... un espectáculo que a través do humor non esquece a solidariedade cos nenos e nenas, especialmente os que viven en situacións de conflito. Unha marca da compañía Peter Punk tan recoñecible como o seu humor gamberro e as risas que inundan as súas actuacións.





WWW.CULTURACTIVA.ORG
981582836
INFO@CULTURACTIVA.ORG

SÉGUENOS EN:

 TWITTER

 FACEBOOK

 VIMEO

 YOUTUBE

 SOUNDCLLOUD